

A TOPONIMIA NA COMARCA DE SARRIA

Oscar Castro Castedo
Filólogo. Técnico de Campo do Proxecto Toponimia de Galicia

A comarca de Sarria, situada no centro sur das terras luguesas e cunha paisaxe dominada por unha intensa poboación de pequenas aldeas con menos de cincuenta habitantes, as praderías denotan o predominio do sector gandeiro na súa economía. Este último aspecto será o determinante nunha intensa transformación no uso de solo que implica unha certa concentración das parcelas que se deixará translucir na perda de grande parte da toponimia. Non obstante, a intensa humanización do territorio explica os máis de nove mil topónimos recollidos nesta zona.

1. Toponimia e territorio

O concello de Sarria cuns trece mil habitantes é unha importante cabeceira comarcal que practicamente acolle máis do 22% da poboación da comarca. A gran cantidade de núcleos de poboación amosa o seu espallamento, onde dominan as aldeas de pequeno tamaño.

Concello	Superficie km ²	Parroquias	Entidades	Entidade <50 hab	Topónimos
Sarria	184,56	49	262	236	8.840

Sarria está situado nun fértil val cruzado por unha importante rede fluvial formada por ríos ou regatos de pouco percorrido, nados nas zonas montañosas que bordean o val, a maior parte dos cales desembocan no río Sarria que lle dá nome á poboación.

Na súa actividade económica ten un papel determinante o sector primario, dominado pola produción gandeira. Así e todo, a situación das súas boas comunicacións (servizo ferroviario e conexión por estrada con Lugo, Monforte ou Becerreá) serviu para que Sarria se convertese nunha das vilas máis prósperas do interior da provincia, cun importante tecido industrial e comercial.

Nestas terras a toponimia amosa a relación do home co medio. Así, podemos observar que a densidade de topónimos relacionados co tipo que nós denominamos *cultivo* (terreo destinado principalmente a este uso) é o maioritario. Os topónimos máis abundantes son os relacionados co nome xenérico prado, xunto co de agro e leira. Por suposto, o número de camiños é elevadísimo. Case que cada terreo ou parcela ten o seu camiño de acceso. Nalgún caso o camiño ten un nome propio e noutras leva o nome dunha das parcelas polas que pasa.

É patente a importancia da hidrominia relacionado co número elevado de fontes e regatos. Vinculada coa abundancia de regatos está a existencia de moitos muíños, que nalgún caso só conservan o nome ou restos do nome.

Na toponimia existen algúns exemplos nos que se evidencia a transformación do uso e aproveitamento do solo. De aí que certos topónimos non identifiquen a zona co uso actual e así existan soutos ou agras que actualmente se transformaron en praderías. Pero tamén se atoparon algunhas cortiñas ou leiras que se converteron en zonas de arboredo.

Un exemplo curioso é un topónimo referido a un agro denominado *O Carballo das Ánimas*. Neste terreo, situado preto da igrexa parroquial, houbo un carballo que era punto de encontro dos veciños da parroquia de Maside ou doutras parroquias do contorno. O carballo desapareceu coa concentración parcelaria do terreo.

2. A enquisa. Aspectos particulares

A documentación cartográfica empregada reduciuse ós planos do Instituto Geográfico Nacional 1:25.000 e ós mapas 1:5.000 utilizados para a realización do Plan Xeral de Ordenación Urbana do concello. Estes últimos teñen escasas referencias toponímicas pero axudan a ver os elementos xeográficos máis representativos da zona.

Tamén se recorreu para o estudo dunha zona de concentración parcelaria (parroquias da Veiga e O Mato) ó Catastro de Rústica dos anos cincuenta, que se encontra no Arquivo Histórico de Lugo. Efectuouse unha comparación entre o resultado das enquisas realizadas nas zonas de traballo e a análise dos documentos e fotos do catastro neses mesmos lugares. O resultado foi favorable á enquisa, cunha maior recollida de topónimos no estudo de campo ca no propio catastro. Idéntica conclusión obtivemos na análise dos datos acadados co estudo dos mapas de concentración parcelaria desta zona.

O área de traballo centrouse no ámbito territorial da *parroquia*. Identificados os seus límites na fotografía, realizase un primeiro recoñecemento do territorio para familiarizarnos co espazo que se debía investigar.

Na busca dos informantes contamos co apoio do concello que facilitou a lista dos pedáneos através dos cales establecemos os contactos necesarios. Tamén temos que agradecer a enorme axuda recibida por parte do Cronista Oficial da vila de Sarria, D. Xaime Félix López Arias, un grande afeccionado ó estudo da toponimia. A súa colaboración facilitounos tanto a localización dos informantes como a achega de topónimos.

Oscar Castro Castedo

O número total de informantes seleccionados no concello de Sarria foi de 210. O informante *tipo* co que se contou nesta área de traballo é un varón, de sesenta anos ou máis, que viviu sempre na zona e que se dedica á gandería. En xeral, sabía localizar e situar ben os topónimos das terras que rodean a súa aldea e incluso algunhas veciñas. Procuramos que os informantes fosen orixenarios do lugar, aínda que nalgúns casos non foi posible.

Ás veces, seleccionouse outro tipo de informantes. Por exemplo, un cazador era un bo informante nunha área de terreo montañoso, así como un pescador coñecía ben os ríos e regatos. Tamén aproveitamos achegas de informantes de mediana idade, pois estes localizaban e situaban mellor os topónimos na fotografía, aínda que non coñecesen algúns topónimos tradicionais.

A enquisa máis empregada foi a individual, en tanto nas enquisas feitas de modo colectivo, utilizamos como moito dous ou tres informantes, evitando un maior número polas complicacións que supón este tipo de entrevistas debido a diversidade de opinións contraditorias que poden xurdir.

En ocasións, ó mellor o informante non entendía o que se pretendía coa enquisa e deixaba algúns topónimos sen nomear ou saltaba coa frase «*je que se teño que dicirche tódolos nomes non acabo no día*». Entón había que explicarlle a intención e a importancia do proxecto dunha forma práctica.

A localización dos topónimos realizouse, principalmente, a través da foto aérea, pero nalgún caso, ante a dificultade que tiña o informante para situar na foto o topónimo, optamos por buscar a localización a pé sempre que as condicións físicas do informante e accesibilidade o permitiran.

Na entrevista valoramos sempre a calidade dos informantes e da información recollida. Ante a dúbida reiterada dun informante na localización ou na denominación dos topónimos esa entrevista debía ser rexeitada na recompilación total.

3. Caracterización lingüística da zona

Fonética

No traballo de recollida da toponimia o apartado da fonética é o máis relevante. Pero ó mesmo tempo resulta un dos apartados da recolleita que pode crear máis dificultades, posto que hai que ser fieis ó que se rexistra na fala, sen caer nas interpretacións persoais.

Os maiores problemas encontrados á hora de efectuar a recolleita, ante a ausencia de gheada e seseo, foron as vacilacións vocálicas. Así atopei exemplos de asimilacións (*A Trigariza < Trigueriza*), harmonizacións vocálicas (*O Miau < Meau*, *Abilleira < Abelleira*, *Cucheiro < Cocheiro*), síncope (*O Espritu < Esptrito*), inestabilidade na vogal final (*O Romeu < Romeo*).

Tamén houbo casos de atrancos no consonantismo como alteracións na consoante inicial N-/L- (*A Namela / Lamela*) ou mostras de metáteses (*A Madalena / A Madanela*).

As construcións coa preposición *en* ou *de* tamén provocaban confusión (*Cima da Agral/Cima de Agrá*).

Grafas

Na ortografía o principal problema ven dado no uso *B* ou *V*. Cando houbo dúbidas consultouse en dicionarios ou noutros materiais e, sempre que era posible, na documentación escrita. Con todo, se persistía a incerteza, escribiuse con *B*, anotando a dúbida para que a comisión ditaminase ó respecto.

Dialectoloxía

Desde o punto de vista diatópico, a variedade lingüística empregada polos falantes da comarca de Sarria responde ó que Francisco Fernández Rei na súa *Dialectoloxía da lingua galega* denomina Bloque Central e vén caracterizada nos nomes de lugar por:

- Ditongo oi nos grupos latinos -ULT-, -UCT-, -OCT-, -ORI-: *O Corgo do Troiteiro*.
- Ausencia total de seseo e de gheada.
- Terminación -ao(s), -á(s): *O Chao, Os Chaos, A Chá, As Chás, As Ras*.
- O plural dos nomes terminados en -n concorda coa solución dos falares centrais: *Garañós, Os Puntós da Veiguiña, A Leira dos Calzós*.
- O plural dos nomes agudos de máis dunha sílaba rematados en -l coincide coa solución tradicional e maioritaria no territorio galego: *Carballás, Os Casás, Currás, Fondorts, Nabás*. Este resultado foi suplantado na fala viva pola terminación -es, agás en *reds* ou *cadrts*. O que demostra evidentemente que é nos topónimos onde mellor se conservan os fósiles lingüísticos.
- A terminación -axe de orixe occitana mantén o xénero feminino na toponimia sarriá (*As Devesas da Paraxe*), cando na fala se converte en masculino por influencia do castelán.

Isto non quere dicir que non se detecten castelanismos na toponimia, pero con frecuencia aparecen mitigados ó encontrar a solución castelá convivindo na mesma comarca coa propiamente galega en campos nos que os falares vivos rexistran maiormente a presenza do castelanismo:

A Eirexe / O Camiño da Igrexia
Tras das Lagoas / A Laguna
O Pombal / O Palomar

Outro exemplo de conservadorismo lingüístico témolo no resultado maioritario para o sufixo diminutivo. En xeral, a terminación -elol/-ela (*Caselas, As Fontelas, Chouselo*) domina sobre a súa variante -iñol/-iña (*O Valiño*), cando hoxe en día na lingua viva non ten rendemento algún.

Oscar Castro Castedo

A xeito de mostra, e sen ningunha exhaustividade, descubrimos tamén na toponimia menor de Sarria retallos de tempos pasados. En «*A Leira do Señor*» ou «*O Señoríño*» achegámonos ó mundo da fidalguía que tan ben describiu D. Ramón Otero Pedrayo.

4. Xenéricos

Unha particularidade importante con respecto á recollida no concello de Sarria vén dada pola definición dalgúns dos nomes xenéricos propios da zona. A continuación mencionamos a algún dos máis importantes e a súa posible definición:

- Baioca/o: pequena depresión de terreo.
- Cavada: anaco de monte non cultivado que se cava para convertelo en terreo de labranza.
- Corga/o: camiño estreito e fondo que discorre entre valados e que serve para o uso de animais ou carros.
- Namelo/a: prado pequeno situado preto das casas.
- Prada: sinónimo de prado.
- Sorte: terreo cultivado de monte común.
- Rega: prado onde hai herba abundante.
- Regata: depresión lixeira do terreo, por onde pode pasar un rego.
- Zarra: anaco de monte común, cercado por un valo e dedicado ó cultivo por particulares.

5. Aspectos culturais na toponimia.

Analizando os resultados das enquisas no concello de Sarria observamos que algunhas cuestións culturais manteñen unha relación inequívoca coa toponimia. Así, o principal valor cultural de Sarria é O Camiño Francés de Santiago. Proveniente de Samos, atravesa de leste a oeste o concello para achegarse a Paradela, ofrecéndonos topónimos tan interesantes coma *O Francés*, *A Brea* ou *O Hospital*, situados a carón do Camiño.

Outro aspecto cultural que tivo transcendencia na toponimia foi o papel da Igrexa no medio rural. Topónimos coma *A Ermida*, *Capelán*, *A Fonte dos Frades*, *Val de Frades* ou a parroquia de San Xulián de *Frades* fan referencia a un pasado no que a Igrexa, sobre todo a través do Mosteiro de Samos, era a principal propietaria das terras da bisbarra.

Finalmente, a tradición popular achegou tamén o seu gran de area na toponimia local. En case tódalas parroquias do concello existe un *Campo da Festa*, referencia do lugar onde se celebran as romarías, que tanta importancia teñen na cultura galega. Incluso na parroquia da Pena, a denominación *O Campo do Quince* fai alusión ó día da festa no mes de agosto.